



**PLAN ANUAL DE COOPERACIÓN PARA O
DESENVOLVEMENTO 2008**
DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR

PLAN ANUAL DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO 2008

1. Breve repaso do exercicio 2007	páxina 3
- 2007, seguimento obxectivos	páxina 3
- 2007, cifras	páxina 13
Instrumentos	
Prioridades sectoriais	
Prioridades xeográficas	
Prioridades transversais	
2. Marco estratéxico e obxectivos	páxina 19
- Marco estratéxico	páxina 19
- Plan 2008. Continuidade e Avaliación	páxina 21
- Marco recursos orzamentarios	páxina 23
- Actuacións. Obxectivos 2008	páxina 24
3. Medios de actuación 2008	páxina 45
- Convocatorias.	páxina 47
- Cooperación e sensibilización directa	páxina 50
- Accións e programas DXCE.....	páxina 52
- Accións e programas outros dptos Xunta Galicia.....	páxina 59

1. BREVE REPASO DO EXERCICIO 2007

Enfrontámonos xa ao terceiro Plan anual de desenvolvemento do I Plan director de Cooperación Galega 2006–2009, o Plan anual 2008. Antes de desenvolver os obxectivos seleccionados para este exercicio, e tal e como foi suxerido polos órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento, procedemos a realizar dun xeito máis sucinto un **breve repaso das accións** levadas a cabo durante o 2007 que introduza e facilite a análise das accións prantexadas no 2008. Na memoria do ano 2007 ampliarase a información referente a este ano, con todos o datos, detalle das accións realizadas e dos proxectos financiados, aínda que a súa práctica totalidade xa está dispoñible na web cooperaciongalega.org.

2007, SEGUIMIENTO OBXECTIVOS

Obxectivo 3. Mellora da calidade técnica e operativa do sector: orientación cara ao cumprimento de obxectivos

OE 3.1. Desenvolver un plan anual de avaliacións externas da axuda.

No segundo semestre licitouse mediante concurso a realización de avaliacións externas dos proxectos realizados nos seguintes países: Bolivia, Perú, Ecuador, Nicaragua, Honduras, O Salvador, Guatemala, Cuba e República Dominicana. Por motivos orzamentarios quedou pendente Mozambique, así como Cabo Verde e Guinea-Bisau, que se establecían como posibilidades adicionais. Ademais de avaliar os proxectos financiados en 2005 e 2006, concertouse a realización de avaliacións de impacto a medio prazo dos proxectos financiados nos ditos países entre os anos 1999 e 2001, en función da relevancia do importe subvencionado, e entendendo importante a obtención deses resultados, especialmente para valorar a sustentabilidade. A empresa adxudicada foi Aid Social, que executará este traballo no primeiro semestre de 2008.

OE 3.3. Potenciar cursos e formación integral para mellorar a capacidade operativa e técnica dos actores de Cooperación Galega.

Ademais das iniciativas de formación financiadas á Coordinadora Galega de ONGD, nas cidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña, realizáronse seis cursos. Tal e como o Plan 2007 establecía, tres deles enfocados á formulación de proxectos de cooperación para o desenvolvemento e marco lóxico e tres relacionados coa formulación de proxectos de sensibilización, a cargo das consultoras Algalia, Devalar e IYE. Todos eles rexistraron unha elevada participación.

Mantívose o apoio á formación especializada en cooperación para o desenvolvemento ofertada pola USC a través do seu Máster de cooperación internacional (incluíndo de novo tres bolsas para expertos latinoamericanos por medio da Fundación Carolina, así como a realización de oito estadias de tres meses en proxectos en terreo), e pola UDC no seu Curso de Especialización. Colaborouse tamén coa oferta formativa da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC. Continuouse, en ambas as universidades, a apoiar a xestión de oito prazas para o desenvolvemento de Programa de coñecemento da realidade (PCR) e de especialización no programa UNITES de promoción do voluntariado das Nacións Unidas. Por vez primeira, patrocínouse a realización dun encontro sobre políticas de cooperación para o desenvolvemento organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Quedou pendente a realización das primeiras Xornadas de Cooperación Universitaria, pois o traballo executado a través dunha asistencia externa, de recompilación de datos, entrevistas e análise, estase rematando na actualidade, e xa se recolleron preto de cen iniciativas de cooperación vinculadas á investigación e procesos de transferencia, e relacionado tamén co desenvolvemento do obxectivo específico de fomentar a integración das accións das universidades galegas e as realizadas polo resto dos axentes de cooperación.

OE 3.6. Incrementar as bolsas de formación nas oficinas técnicas de cooperación da AECID e en organismos internacionais de cooperación, e financiar a contratación de cooperantes especializados.

No 2007 ofertáronse 14 bolsas de formación. Tal e como foi suxerido pola Coordinadora Galega de ONGD, por primeira vez ofrécese prazas nas oficinas de terreo das axencias das Nacións Unidas: dúas coa FAO para Mauritania e Angola, e unha con UNIFEM para Ecuador. Así mesmo, ampliáronse a sete as acordadas coa AECID nas súas oficinas técnicas de cooperación en Bolivia, Perú, Ecuador, Nicaragua, Guatemala, Senegal e Mozambique; e incrementáronse tamén a catro aquelas con destino na Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Por concurso, seleccionouse unha técnica que se expatriará a Arxentina, e procederá, segundo o establecido, ao desenvolvemento do PAP do dito país preferente, así como ao de Uruguai. A posible contratación doutro técnico para Venezuela demórase, debido a que na actualidade non hai ningunha actuación en curso con este país. Mantense así o fondo pulo á formación de recursos humanos especializados para o sector da cooperación en Galicia.

OE 3.7. Facilitar a participación de funcionarias e funcionarios da Administración pública galega en iniciativas de cooperación ao desenvolvemento.

Dificultades de procedemento impediron a íntegra consecución deste obxectivo. Ao ter xa culminado o correspondente proceso de consultas tanto no seo da Administración como co sector, a publicación da convocatoria das primeiras prazas queda pendente para o presente exercicio 2008.

Obxectivo 4. Ampliación e ordenación dos instrumentos de Cooperación Galega

OE 4.2. Simplificar procedementos burocráticos na xustificación de proxectos e substituílos por seguimento e avaliación no cumprimento eficiente de obxectivos e impacto no terreo.

Son moi salientables os logros acadados neste obxectivo e recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así, a lei incorpora melloras substanciais, reivindicacións históricas como a exención da obriga de presentación de garantías, a posibilidade de anticipar ata o 100% da anualidade da subvención concedida, e a posibilidade de fixar nas bases reguladoras réximes simplificados de xustificación. De feito, introducíronse todos estes logros nas convocatorias de axuda para proxectos no exterior que se resolverán neste 2008.

OE 4.3. Fomentar a normalización de procedementos e formularios de solicitudes de subvencións.

Este obxectivo tamén se acadou integramente, xa que tal e como se preveu no Plan 2007, independentemente do instrumento financeiro, todos as actuacións sobre o terreo se tramitan no mesmo formato, aplicando a metodoloxía do marco lóxico, e xa nas convocatorias do 2007 e nas publicadas en decembro do dito ano para 2008 se homoxeneizaron os conceptos financeiros.

En canto á cualificación de entidades, vinculada á posibilidade de concorrer á vindeira convocatoria de programas 2008, adxudicáronselle por concurso á consultora Obradoiro de Socioloxía as tarefas de verificación do cumprimento dos requisitos de cualificación.

OE 4.5. Modificación do Decreto 326/2004.

Como se informou na última reunión dos órganos de asesoramento e coordinación de Cooperación para o Desenvolvemento do 22 de outubro de 2007, logo de diversos encontros de negociación, desbotouse a proposta de modificación da composición do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, xurdida da reivindicación dos sindicatos de posuír un representante por cada un dos tres con presenza maioritaria en Galicia. A modificación da representatividade e a reestruturación do equilibrio entre os diversos axentes nel representados provocaría un significativo aumento dos membros do consello, coa conseguinte perda de operatividade.

Obxectivo 5. Implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación

O Plan anual 2007 recollía de novo o apoio ao mecanismo da cooperación directa como instrumento lexítimo e recomendable para o desenvolvemento de proxectos de carácter máis integral.

Nesta liña de traballo están en marcha, maiormente superadas as fases de identificación, cinco programas noutros tantos países prioritarios para a nosa cooperación: Perú, Guatemala, República Dominicana, Senegal e Mozambique. Neles, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior implicou diversos axentes de Cooperación Galega, ademais de entidades galegas co coñecemento sectorial necesario para cada programa. En todos os casos se está a traballar coas autoridades locais, rexionais e mesmo centrais, poñendo en valor os seus plans de desenvolvemento e aliándonos coas estratexias existentes e definidas, se é o caso, tal e como establece a Declaración de París sobre a eficacia da axuda.

En referencia ao traballo conxunto cos departamentos seleccionados no 2007 –saúde, educación e medio–, puxéronse en marcha múltiples iniciativas que brevemente comentamos:

Con **Educación** e coa inestimable colaboración dos axentes do sector, publicouse o *Catálogo de recursos educativos*, iniciativa pioneira na cooperación galega que pretende aproveitar o inxente traballo que, no eido da educación e a sensibilización, desenvolveron organizacións e institucións do sector. Contactouse e difundíuse o catálogo aos máis de dous mil centros de educación primaria e secundaria de Galicia. Asesoramos a Consellería de Educación sobre os contidos que atinxen a cooperación para o desenvolvemento de cara a seren incluídos na materia de Educación para a Cidadanía. Por outra banda, acadouse o compromiso de colaboración desta consellería no proxecto financiado en Arxentina á Organización de Estados Americanos (OEI) para a creación do Instituto de Desenvolvemento e Innovación Educativa.

Con **Sanidade**, o diálogo aberto con motivo da conformación da rede de funcionarios cooperantes está a dar os seus froitos, posto que a propia consellería está a traballando para facilitar a participación dos profesionais da sanidade en programas de cooperación internacional. Por outra banda, estableceuse un primeiro contacto co Fondo Global da SIDA, Malaria e Tuberculose, polo cal, logo do camiño aberto pola cooperación catalá, se estudará a participación da nosa autonomía nalgunha das liñas de actuación deste.

En canto a **Medio Ambiente**, ademais de continuar co apoio aos proxectos enmarcados na Axenda 21 ao norte de Ecuador, esta consellería asesorounos no establecemento de mecanismos de desenvolvemento limpo no caso do programa de Guatemala e colaborouse de xeito conxunto no Encontro de Educación Ambiental dos Países Lusófonos organizado polo CEIDA. Sogama participou do deseño do Programa de xestión de residuos en República Dominicana; e a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a través de Tragsa, continúa realizando a identificación de proxectos de desenvolvemento sustentable na zona de Piura, Perú.

Obxectivo 7. Elaborar estratexias para as prioridades da Cooperación Galega

OE 7.1. Destinar un máximo do 70% dos recursos da cooperación aos 17 países prioritarios. (Ver cifras)

OE 7.4. Elaborar para cada un dos países prioritarios un documento de estratexia de intervención.

Desenvolvéronse plans de actuación por país nos seguintes países prioritarios: Bolivia e Perú, en América do Sur; Nicaragua, Honduras, O Salvador e Guatemala en América Central; Mozambique, Mauritania e Territorios Saharauís, en África.

Temos que salientar o proceso participativo que guiou a súa elaboración, co traballo activo dos axentes implicados no desenvolvemento de actuacións en cada un dos mencionados países, así como a especial procura de sinerxías coas políticas de desenvolvemento dos países beneficiarios e o estudo das iniciativas de cooperación desenvolvidas por outros doadores próximos, como a propia Cooperación Española e a dos principais organismos multilaterais.

Cómpre mencionar o liderado de dúas organizacións na posta en marcha do proceso en dúas zonas prioritarias; é o caso de Axuda en Acción en Mozambique, e de Asemblea de Cooperación pola Paz nos catro países prioritarios de América Central.

A maiores do salientado nos obxectivos especificamente seleccionados no Plan anual 2007, neste establecíase a continuidade cos desenvolvidos no 2006, especialmente no que atinxe a sensibilización da sociedade civil galega, o fortalecemento do sector e o pulo do comercio xusto.

Máis aló dos proxectos presentados polas entidades de Cooperación Galega á convocatoria de sensibilización, apoiámos e participamos en múltiples foros e iniciativas, como o Simposio Pobre Mundo Rico, organizado polo Club Internacional de Prensa da Secretaría Xeral de Comunicación e financiado conxuntamente por Caixanova e a Dirección Xeral de Cooperación Exterior; o apoio especial ás celebracións do Día da Paz, do Día contra a Violencia de Xénero, coa transmisión das experiencias da organización Casa Amiga de Ciudad Juárez; ou da Campaña Achégate á Cooperación Galega, no marco da celebración do Día dos Dereitos Humanos, e que rotou por cinco das grandes cidades galegas. Asemade apoiáronse xunto á Televisión de Galicia a gravación e difusión de varios documentais en catro dos nosos países prioritarios: Cabo Verde, Perú, Bolivia e Mozambique, e organizáronse roldas de almozos con xornalistas dos diversos medios (prensa escrita, prensa electrónica, radio e televisión).

Apoiouse de novo a Campaña de Sensibilización do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que no 2007, co gallo da celebración do seu 10.º aniversario de traballo a prol do desenvolvemento, se nomeou Dez Anos con Proxectos. No mes de abril publicouse o *Informe 2006*, dispoñible tamén na páxina web, que, como en anos anteriores, recolle os proxectos e actuacións realizadas e con financiamento da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

Por último, a cantidade subvencionada ás organizacións a través da convocatoria de axudas para actividades formativas e de sensibilización das ONGD incrementouse nun 26,44% con respecto ao ano 2006.

En canto á continuidade do apoio ao fortalecemento do sector, cómpre reiterar a organización dos cursos referida na epígrafe do obxectivo específico 3.3. Potenciar cursos e formación integral para mellorar a capacidade operativa e técnica dos actores de Cooperación Galega e salientar a suba de preto dun 57% na adxudicación das subvencións da convocatoria específica para tal fin.


En referencia ao comercio xusto, o pasado mes de decembro presentouse a primeira Diagnose estratéxica e participativa do comercio xusto en Galicia, na que se conclúe que hai mercado para todos os axentes do sector, pero non existe un coñecemento mutuo dentro deste, tanto en tendas vinculadas a organizacións como nas non vinculadas, o que dificulta a posta en marcha de accións en común que cheguen a máis poboación. Propóñense diversas actuacións que se mencionarán nos obxectivos para 2008. Asemade, debe manterse o pulo iniciado co establecemento de criterios de compra pública ética no seo da Xunta de Galicia e doutros organismos oficiais.

En todas as convocatorias se continuaron primando os proxectos destinados á promoción do comercio xusto, tanto en sensibilización como sobre o terreo.

2007, CIFRAS

Seguidamente, detallamos as asignacións orzamentarias. Traballamos desde a cifra **comprometida** dos 10.197.674,98 de euros, tendo en conta que o orzamento total para o 2007 foi de 9.372.343 de euros (co capítulo I, que abrangue persoal funcionario e eventual, serían 9.855.329 €). O detalle destas partidas e de todos os proxectos financiados durante o 2007 pódese consultar xa na páxina web www.cooperaciongalega.org e detallarase tamén no *Informe 2007*, que se publicará proximamente.

No esquema de repartimento orzamentario en función do medio empregado, as axudas distribuíronse do seguinte xeito:



Obsérvase un incremento dirixido á dotación dos convenios, debido en gran medida á posta en marcha do PROFOPAC (Programa de formación da pesca artesanal en Centroamérica) por importe de 842.000 euros. É preciso ter en conta que parte da dotación prevista nas convocatorias de axuda a proxectos no exterior e a proxectos de sensibilización quedou sen adxudicar. Porén, o recurso ao impulso da cooperación directa, tanto con entidades do sur como no liderado de programas que impliquen os axentes galegos en actuacións de maior impacto, confórmase como outra importante liña de traballo.

En relación á distribución de recursos por axentes, independentemente do instrumento utilizado, non só nos proxectos en terreo, se non tamén nos proxectos de sensibilización e educación para o desenvolvemento así como de fortalecemento do tecido asociativo do sector, destaca a preponderancia do traballo executado a traveso das ONGD.

DISTRIBUCION POR	AXENTE 2007	%
ONGD	4.273.148,44	42%
UNIVERSIDADES	1.831.579,62	18%
EMPRESAS	386.477,71	4%
SINDICATOS	241.700,00	2%
XUNTA / EE.LL.	899.151,00	9%
DIRECTA	2.565.618,00	25%
TOTAL	10.197.674,77	100%

Estas cifras mostran unha realidade evidente, na que a actuación das ONGD como o axente máis especializado dentro dos recoñecidos pola Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, se conforma coma a de maior relevancia. En consonancia con este dato, e co papel que as mesmas desempeñan e desempeñarán nun marco de maiores recursos, enténdese o mantemento da convocatoria de fortalecemento e doutras iniciativas neste senso, que o Plan 2008 anunciará. Tamén se destaca o labor das universidades dentro das tarefas de cooperación para o desenvolvemento, así outro dos retos é aproveitar o potencial que posúen, motivando unha reflexión para a creación e consolidación de espazos de coordinación dentro das mesmas. Todo isto no senso e no camiño do valor, apoiado por todos os especialistas do sector, que a creación de sinerxías aporta ós resultados en terreo.

Sectorialmente, é salientable o axuste ao previsto, aínda que algo por riba, en sectores como cobertura de necesidades básicas, promoción do tecido económico ou no investimento no ser humano, incluso en sensibilización e en consolidación de axentes. Os resultados lémbrennos que hai que tentar destinar maiores recursos a sectores como gobernanza ou medio.

SECTOR	TOTAL 2007			PD	1998/05
	Euros	N.º prox.	%	2006/09	%
Cobertura das necesidades sociais básicas	3.066.724,97	24	30,07	27,00	32,80
Infraestrutura e promoción do tecido económico	2.258.649,77	16	22,15	21,00	16,47
Participación soc., desenvolvemento institucional e bo goberno	1.094.106,49	11	10,73	16,00	11,96
Investimento no ser humano	1.524.763,78	8	14,95	12,00	8,99
Defensa do medio	402.493,38	5	3,95	7,00	6,53
Axuda humanitaria e de urxencia	475.000	3	4,66	8,00	13,41
Sensibilización e educación para o desenvolvemento	698.385,59	34	6,85	5,00	3,77
Consolidación e fortalecemento de axentes	372.268,00	18	3,65	2,00	0,34
Sectores CAD non adscritos aos anteriores	305.283,00	-	2,99	2,00	5,74
TOTAL	10.197.674,98	119	100,00	100,00	100,00

Xeograficamente, sobresae a repunta de América Central, logo da aposta rexional do mencionado Programa rexional de apoio á pesca artesanal en **Centroamérica**, na súa liña formativa. No **Caribe**, aumentou a cifra acadada en Cuba logo da sinatura do Acordo marco entre o presidente da Xunta e a ministra do MINVEC, así como destaca tamén a incorporación de Haití como beneficiario das políticas de axuda, tanto a través das convocatorias como dos convenios. En **América do Sur**, Perú consolídase como primeiro receptor de fondos da cooperación oficial galega.

En **África**, Senegal e Mozambique confórmanse como os principais receptores. É salientable a incorporación de Mauritania a esta listaxe; no caso de Angola haberá que manter o esforzo, xa que, por segundo ano consecutivo, non recibiu fondos a pesar de ser un dos nosos países prioritarios da África lusófona, ocupando o posto 163 no IDH. Aínda que a incorporación dun bolseiro da Dirección Xeral de Cooperación Exterior na Delegación da FAO neste país axudará á identificación de sectores e posibilidades de actuación.

En canto aos compromisos incluídos no Plan director de dedicar entre o 10% e o 20% para os países menos avanzados (**PMA**), atopámonos no **19,83%**, aumentando fronte á porcentaxe do pasado ano (o 17,87%), chegando practicamente ao 20% establecido no Plan director.

Para o total dos **países prioritarios**, a porcentaxe fixada é dun máximo do 70%. O pasado ano esta porcentaxe foi superada en 18 puntos porcentuais; este ano atopámonos no 81,84%, é dicir, supera o límite establecido xa en 11,84 puntos porcentuais, non en 18, como o pasado ano.

En canto aos **países preferentes**, sitúanse nun 5,22%, e desenvólvense en todos eles proxectos de transferencia de tecnoloxías e coñecementos.

CONTINENTE	PAÍS/ZONA	%	TOTAL
AMÉRICA do SUR	BOLIVIA	4,8	400.864,20
AMÉRICA do SUR	ECUADOR	5,9	491.953,52
AMÉRICA do SUR	PERÚ	14,4	1.208.252,68
AMÉRICA do SUR	URUGUAI	2,0	167.874,45
AMÉRICA do SUR	ARXENTINA	2,4	200.000,00
AMÉRICA do SUR	COLOMBIA	5,1	425.845,00
AMÉRICA do SUR	VARIOS PAÍSES	1,3	105.000,00
AMÉRICA do SUR	SUBTOTAL	35,73	2.999.789,85
AMÉRICA DO NORTE	MÉXICO	0,8	65.420,00
AMÉRICA CENTRAL	NICARAGUA	6,8	571.189,72
AMÉRICA CENTRAL	HONDURAS	3,7	312.638,08
AMÉRICA CENTRAL	GUATEMALA	0,4	36.900,00
AMÉRICA CENTRAL	O SALVADOR	6,5	543.296,23
AMÉRICA CENTRAL	CUBA	8,3	693.313,89
AMÉRICA CENTRAL	REP. DOMINICANA	4,7	398.598,37
AMÉRICA CENTRAL	HAITÍ	2,4	198.148,25
AMÉRICA CENTRAL	VARIOS PAÍSES	10,0	842.000,00
AMÉRICA CENTRAL E DO NORTE	SUBTOTAL	43,62	3.661.504,53
ÁFRICA	MOZAMBIQUE	5,4	454.499,83
ÁFRICA	CABO VERDE	1,8	148.415,76
ÁFRICA	MAURITANIA	0,9	71.534,55
ÁFRICA	SENEGAL	5,8	485.715,00
ÁFRICA	GUINEA-BISAU	1,4	113.854,00
ÁFRICA	TERR. SAHARAUÍS	2,7	224.997,00
ÁFRICA	MARROCOS	0,7	60.000,00
ÁFRICA	TANZANIA	1,0	86.282,00
ÁFRICA	ETIOPÍA	0,3	27.980,87
ÁFRICA	SUBTOTAL	19,93	1.673.279,01
ASIA	A INDIA	0,7	60.000,00
ASIA	SUBTOTAL	0,72	60.000,00
TOTAL		100,00	8.394.573,39

No tocante ás **prioridades transversais**, procede facer referencia expresa á promoción da igualdade entre homes e mulleres. O I Plan director da cooperación galega 2006-2009 reconece a necesidade de traballar a prol da eliminación das diferenzas entre mulleres e homes para conseguir un desenvolvemento máis xusto e eficiente.

Así, mantense en todas as actuacións e proxectos financiados a ponderación do enfoque transversal de xénero, e recoñécese a importancia do empoderamento, así como do feito de que as mulleres están a ter un papel protagonista no desenvolvemento dos países do sur, e en Galicia. Seguindo o compromiso do pasado ano, o dito enfoque de xénero mantívose en todos os plans de actuación por país desenvolvidos no 2007. Nas convocatorias, o impacto de xénero valórase na totalidade do documento de formulación, non nunha epígrafe illada como se fixo en anos precedentes.

Máis aló do enfoque transversal, 17 proxectos incidiron de xeito directo na mellora e empoderamento da muller, 12 deles sobre o terreo, alcanzando a porcentaxe do 14,20 dos fondos, especialmente en América Central e O Caribe, así como en Ecuador, Mozambique, Senegal ou Etiopía; e 5 en sensibilización, cun 11,85% dos orzamentos destinados para tal fin.

2. MARCO ESTRATÉXICO E OBXECTIVOS: 2008

Marco estratéxico

O Plan Director de Cooperación Galega 2006 a 2009 establece os sete obxectivos estratéxicos que deberán dirixir a política galega de cooperación ao desenvolvemento.

Obxectivos estratéxicos

1. Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización e educación para o desenvolvemento.
2. Fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto.
3. Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara ao cumprimento de obxectivos.
4. Ampliación e ordenación dos instrumentos de Cooperación Galega.
5. Implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación.
6. Fomento do comercio xusto e o consumo responsable.
7. Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega.

Prioridades xeográficas

- **ÁFRICA:** Angola, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia, Senegal e campamentos saharauís.
- **AMÉRICA DO SUR:** Bolivia, Ecuador e Perú.
- **CARIBE:** Cuba, Haití e República Dominicana.
- **AMÉRICA CENTRAL:** Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.

Ademais, considéranse países preferentes Arxentina, Uruguai e Venezuela.

Prioridades transversais

- Declaración do milenio.
- Dereito ao desenvolvemento.
- Igualdade entre homes e mulleres.
- Respecto polos dereitos humanos.

Prioridades sectoriais

- Cobertura das necesidades sociais básicas.
- Infraestrutura e promoción do tecido económico.
- Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno.
- Investimento no ser humano.
- Defensa do medio.
- Axuda humanitaria e de urxencia.
- Sensibilización social e educación para o desenvolvemento.
- Consolidación e fortalecemento dos axentes de cooperación.

Plan 2008. Continuidade e avaliación

No 2008 cúmprense dous anos de vixencia do I Plan Director de Cooperación Galega para o desenvolvemento 2006-2009. É preceptivo, xa que logo, o establecemento dunha avaliación intermedia do seu grao de cumprimento, analizando o comportamento do sistema de axuda e a vixencia dos compromisos adquiridos.

Será, pois, ao longo do 2008 o momento de revisar, **coa evidente implicación e opinión dos axentes da cooperación galega**, non só a evolución e cumprimento dos obxectivos do Plan director, senón se a evolución se fixo de acordo coa súa misión e cos cinco principios establecidos. Esta avaliación intermedia será elaborada por unha entidade ou persoa experta, recoñecida e independente, garantindo aspectos como o enfoque participativo ou a análise de xénero.

Tras dous exercicios nos que se levaron a cabo accións na totalidade dos obxectivos do Plan, así como o desenvolvemento dunha intensa actividade normativa e estratéxica, neste ano corresponde a revisión e consolidación deste labor, como paso definitivo cara ao incremento da calidade da cooperación galega.

O ano 2008 comeza cunha nova Lei de Subvencións en vigor que posibilita grandes avances na xestión das axudas de cooperación para o desenvolvemento, e que se fai eco de reclamacións históricas do sector. As convocatorias de 2008, publicadas a finais do pasado ano, xa inclúen as melloras establecidas na nova lei.

Este será tamén o ano en que, tras os procesos de análise e estudo realizados no 2007, se porán en marcha iniciativas previstas como as convocatorias de programas (incluíndo o proceso de cualificación de entidades) ou microproxectos, avaliación de proxectos ou actuacións derivadas da diagnose estratéxica e participativa do comercio xusto en Galicia.

Os sectores e áreas xeográficas prioritarias de cada un dos países dos que se elaboraron plans de actuación (PAP) valóranse nas novas convocatorias e accións de cooperación directa. A publicación destes PAP e a posibilidade de fortalecer aínda máis a vocación de traballo integral, concentración e impacto da axuda galega compensa o esforzo que supuxo a súa elaboración.

No 2008 comezarán a executarse programas de cooperación directa deseñados desde a Dirección Xeral de Cooperación Exterior conxuntamente cos gobernos dos países prioritarios, coa participación de axentes especializados, de Galicia ou do país, en cada un dos sectores identificados.

Coa posta en marcha destes programas, consolidaranse tamén outras iniciativas levadas a cabo nos dous últimos anos, como a colaboración con organismos e axencias de cooperación internacionais (FAO, UNICEF, PNUD, UNIFEM, OEI, etcétera), o desprazamento de persoal técnico ao terreo (bolseiros/as ou técnicos específicos) ou a implicación doutros departamentos da Xunta de Galicia en diversas fases dos programas de cooperación.

É por estes motivos, polo que neste Plan anual 2008 xa non se seleccionan, como nos dous anteriores, obxectivos concretos do Plan director, senón que en todos eles se especifican accións que os reforzan en maior ou menor medida e que deberán permitir un cumprimento harmónico e íntegro do plan.

Marco de Recursos Orzamentarios 2008

Para a realización das accións indicadas, o incremento orzamentario da Xunta de Galicia para o 2008 supón un 28,9% sobre os orzamentos do ano 2007.

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior incrementa o seu orzamento en axuda oficial ao desenvolvemento nun 13,7%, e o resto de partidas, que cumpren os criterios de AOD, proveñen maiormente das consellerías de Pesca, Vivenda, Medio Ambiente ou Medio Rural. No apartado de medios detállanse os conceptos deste incremento.

A pesares deste aumento do 28,9%, que supón que, por primeira vez, a Xunta de Galicia dedique o 0,1% do seu orzamento á cooperación internacional, é evidente que non se cumpre o obxectivo de acadar o 50% de incremento anual, establecido como mínimo polo Plan director.

O 2008 debe ser o ano no que dende a Administración autonómica e a local, se consoliden os incrementos orzamentarios comprometidos no Plan Director, reforzando ao mesmo tempo a información e a comunicación á sociedade civil galega, para que a súa esixencia siga medrando coa urxencia que a tarefa require, como tamén así se recolleu no recentemente suscrito Pacto de Estado contra a Pobreza, asinado por tódolos grupos políticos con representación nas Cortes.

Actuacións. Obxectivos 2008

OE1. *Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento.*

A importancia decisiva deste obxectivo para garantir a sensibilización da poboación galega obriga a que siga sendo prioritario o investimento no mesmo, así como un seguimento continuo das accións financiadas, tanto de xeito directo como indirecto, asegurando a súa máxima difusión e impacto na sociedade galega.

Por este motivo, considérase necesario manter o nivel de apoio orzamentario xa iniciado no 2007, onde o 6,85% dos fondos da DXCE dedicáronse a este fin, por riba do 5% establecido no Plan Director, aínda que cara a á consecución das porcentaxes medre neste exercicio de xeito máis axustado. Deste modo, continuarase incidindo sobre varias das liñas de actuación iniciadas, en particular:

Educación para o desenvolvemento normalizada e estable, cara a promover unha política activa e integral da difusión das causas da pobreza. Manteranse as accións dirixidas a todos os centros escolares en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reforzando a utilización por parte dos docentes das ferramentas creadas que axudan á consecución dun maior impacto educativo.

Para isto reforzase e actualízase o **catálogo de recursos educativos** a través da páxina web de Cooperación Galega, incorporando os novos materiais editados e ampliando a oferta dos existentes. Volverase a difundir en todos os centros e profesorado galego a idoneidade da utilización dos materiais relativos á sensibilización sobre a realidade dos países en vías de desenvolvemento.

Asemade, realizarase un **estudo do grao de impacto** do uso de ditos recursos na poboación escolar galega, que alcance, como mínimo, o 10% do alumnado dos máis de dous mil centros de educación primaria e secundaria de Galicia.

En canto ás accións de promoción da cooperación cos países en vías de desenvolvemento, a través da sensibilización e da concienciación do conxunto da poboación galega, as actuacións en materia de sensibilización articularanse tanto a través do **apoio aos proxectos presentados na convocatoria específica** para tal fin, que este ano incrementa a súa dotación nun 5% e o financiamento ata 25.000 euros por proxecto e 50.000 euros en agrupación (20.000 e 40.000 no 2007), e que se complementará co **incremento de accións formativas** neste aspecto, como a través dos **convenios** coa Coordinadora Galega de ONGD ou co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Dende a propia Dirección Xeral de Cooperación Exterior impulsárase unha **campaña específica** que dea continuidade á realizada en 2007 “Achégate á Cooperación Galega”. Neste exercicio, a campaña terá un dobre destino, estendéndose por unha banda ás sete grandes cidades de Galicia, así como a algúns núcleos de menor poboación e en paralelo difundirla de xeito itinerante polos centros comarcais da nosa comunidade, en colaboración coa Sociedade de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Preténdese multiplicar por un mínimo de 2 a participación de persoas nas exposicións (3.700 no 2007), mantendo as porcentaxes de asistencia de nenos e público adulto (29% e 41% respectivamente no 2007). Do mesmo xeito, preténdese aumentar nun mínimo dun 10% o número de impresións en Internet (número de veces que se amosa o *banner* ao abrir un visitante a páxina contratada) da campaña nos distintos medios de comunicación galegos (655.465 no 2007).

O obxectivo desta campaña, na que ademais de novos recursos se utilizarán materiais da anterior edición da mesma para optimizar o seu custo, ten un dobre obxectivo: por unha banda sensibilizar a cidadanía galega sobre a importancia da misión da cooperación e, pola outra, difundir o labor que, desde a Xunta de Galicia se está a desenvolver, así como dos criterios que se empregan para a xestión dos recursos e os lugares onde se coopera.

Neste exercicio, daráselles difusión ás **reportaxes gravadas no 2007 en Mozambique**, nos diversos proxectos do sector educativo, sanitario e produtivo que alí se están a desenvolver e que recibiron o apoio da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, aproveitando ao mesmo tempo para difundir a labor dos galegos e galegas que colaboran nos proxectos:

- Centro Miramar Educativo, Cultural e de usos múltiples del Triangulo, en Nacala Porto, xestionado por Padres Vicentinos e Covide.
- Escola Secundaria de Santa María en Nacala Porto, xestionado por Padres Vicentinos e Covide.
- Fortalecemento das capacidades clínicas do Hospital Carmelo de Chokwe, xestionado por Hijas de la Caridad e Covide.
- Mellora soberanía alimentaria en Montepúez, xestionado por Cruz Vermella.
- Fomento cultivo e transformación da solla en Matola, xestionado por Ecos do Sur e Casa do Gaiato.
- Construción do Hospital Escola Polana Caniço en Maputo, coa AECID e o goberno mozambicano.

A difusión farase principalmente a traveso da Televisión de Galicia, onde se pretende manter a cota de pantalla do 17% (3 puntos superior a audiencia media da súa franxa horaria -21 horas-) do reportaxe emitido sobre Bolivia e Perú o 7 de abril de 2007, actualmente ten acceso libre na páxina web da cooperación galega. Difundirase tamén a través de dita web, de televisións locais, das organizacións participantes e dos axentes da Cooperación Galega interesados, especialmente a Coordinadora Galega de ONGD

No 2008 realizaranse **novas reportaxes** correspondentes ás actuacións **en América Central**.

Por outra banda, ao longo do 2008, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior celebrará un **ciclo de 4 conferencias** que contará coa presenza de persoas relevantes no mundo do desenvolvemento, e destinado a sensibilizar a nosa sociedade –incluída a clase política– sobre a necesidade de que Galicia incremente os fondos destinados á axuda oficial ao desenvolvemento. Susan George, Jean Fabre (responsable do IDH do PNUD) ou Victorio Torres Feced son algúns dos integrantes deste ciclo, que se incluírá dentro do programa de formación e sensibilización realizado conxuntamente coa Obra Social de Caixa Galicia.

Elaboraranse catro **boletíns impresos “Cooperación Galega”**, cunha tirada de 3.000 exemplares cada un, que se difundirán entre todos os axentes do sector, deputados, organismos e dependencias da Xunta de Galicia, etcétera, con interese real ou potencial para realizar actuacións de Cooperación ao Desenvolvemento.

Difundirase quincenalmente o **boletín electrónico quincenal**, difundindo noticias específicas do sector e a axenda de actividades de todos os actores de cooperación.

No 2008 implantarase definitivamente o **Plan continuo de seguimento das múltiples accións de formación e sensibilización** financiadas dende a Cooperación Galega, asegurando a súa máxima difusión e impacto entre a sociedade galega e a optimización dos recursos públicos

Entre setembro do 2007 e o 2008 as accións financiadas, inclúen a realización de aproximadamente 35 actividades formativas como cursos e obradoiros, preto de 70 actividades divulgativas nas que se inclúen foros, seminarios, conferencias, congresos, charlas, encontros e xornadas temáticas, a organización de aproximadamente 70 exposicións, a distribución de material didáctico e multimedia, a creación de 4 web de temática solidaria e a celebración dunhas 200 sesións de contacontos dirixidos ás nenas e nenos.

Estas accións complétanse ademais con programas de divulgación na rúa, actividades de formación do profesorado, a creación de servizos para facilitar o préstamo e consulta de documentos e libros solidarios, visitas a proxectos sobre o terreo e, mesmo, a realización de obras de teatro.

OE2. *Fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación.
Procura da integración e o traballo conxunto*

Como tamén ocorre co Obxectivo 1, o fortalecemento dos actores da cooperación segue a ter unha importancia moi superior ao establecido no Plan Director, polo que a porcentaxe de fondos dedicados a este fin, seguirá a superar o 2% indicado naquel, acercándose posiblemente ao 3,65% do 2007.

O **reforzamento da capacidade operativa** da Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia experimentado no período 2006-2007 producírase especialmente sobre o terreo nos países da cooperación galega onde, como se mencionará, a Administración autonómica iniciará a execución de varios proxectos ou programas de cooperación directa: Perú, Guatemala, República Dominicana e Arxentina inicialmente e Senegal e Mozambique de seguido.

Por outra banda, o **borrador de proxecto de lei de creación da Axencia Galega de Cooperación para o Desenvolvemento** xa está listo. A Axencia artículase, na liña da nova AECID, coma un ente de dereito público, con personalidade xurídica, capacidade de obrar e patrimonio propio para o cumprimento dos seus fins.

Coma brazo executor da política da Xunta de Galicia en materia de cooperación para o desenvolvemento, ten por finalidade contribuír de xeito eficaz a erradicación da pobreza e das súas causas nos países en desenvolvemento.

Unha das máis importantes vantaxes da creación desta axencia será a posibilidade de contratar persoal técnico cualificado para a xestión dos recursos que se lle asignen, así como a maior celeridade na tramitación destes.

O procedemento de tramitación iniciouse coa consulta aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia. Estando xa incorporadas as alegacións presentadas polas diferentes consellerías, o seguinte paso é facer a consulta á sociedade civil, para o que o citado borrador será sometido á consulta do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, órgano de participación da sociedade civil galega na materia. A previsión é que neste exercicio poida ser aprobada no Parlamento de Galicia a citada lei de creación da axencia, para que estea operativa no 2009.

No tocante ao **fortalecemento das ONGD**, desde o ano 2004, cando se publicou por primeira vez a convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento de ONGD, a Administración vén apoiando o efectivo fortalecemento daquelas que contan con domicilio social ou delegación permanente en Galicia. Logo de dous anos de aumento de dotación nesta convocatoria, este ano mantense a cifra do pasado 2007, tendo en conta a cantidade das solicitudes previstas. Así, neste 2008 cómpre avaliar en conxunto co tecido asociativo os resultados extraídos da convocatoria, de cara a redefinila en función dos logros acadados e as eivas aínda por superar.

Así mesmo, materializarase unha alianza coa Obra Social de Caixa Galicia destinada, entre outras accións formativas e de sensibilización, á **incorporación de 4 ONGD ao programa de acompañamento** para o fortalecemento de entidades sen ánimo de lucro que Socialia desenvolve.

A **Coordinadora Galega de ONGD** é interlocutora permanente da Dirección Xeral de Cooperación Exterior no seu traballo de representación maioritaria das ONGD existentes en Galicia, así como no labor que desenvolve nos eidos da sensibilización, formación, presión social e información ao sector galego da cooperación no seu conxunto. O compromiso co mantemento deste obxectivo materializarase a través da sinatura dun novo convenio de colaboración destinado a garantir o desenvolvemento axeitado das tarefas de servizo, apoio e fortalecemento das ONGD, creación de sinerxías entre todos os actores do sistema galego de cooperación, e sensibilización da nosa sociedade, que a propia coordinadora vén levando a cabo desde a súa creación.

Contémplase a realización dun convenio bianual por un importe estimado global de 180.000 euros (90.000 euros cada exercicio), no que aproximadamente un 75% do mesmo financiará a contratación de persoal e os gastos correntes da Coordinadora, e o restante 25% dedicarase a accións de formación, sensibilización e incidencia.

O **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** está a aglutinar boa parte do esforzo feito desde a cooperación municipalista galega, constituíndose tamén nun interlocutor permanente da Administración autonómica. Continuarase a apoiar o seu labor no eido da sensibilización da cidadanía galega sobre a loita contra a pobreza e as súas causas, así como a execución de proxectos nos países do sur, especialmente nos eidos do apoio institucional municipal, para o que se asinarán os correspondentes convenios de colaboración.

Contémplase a realización dun convenio bianual por un importe estimado global de 120.000 euros (60.000 euros cada exercicio), no que aproximadamente un 36% do mesmo financiará a contratación de persoal do Fondo, e o restante 64% dedicarase a accións de formación e sensibilización.

No relativo á cooperación para o desenvolvemento feita polas **universidades galegas**, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior está a elaborar un **mapa de actores da comunidade universitaria galega**, onde se atopa identificado un número importante de persoal docente, investigador e de servizos que, nas tres universidades, está a traballar desde as máis diversas ópticas no eido da cooperación para o desenvolvemento. Non obstante, constatase que moitas destas persoas descoñecen o traballo que outras están a facer desde a súa propia universidade ou desde as outras que conforman o Sistema Universitario de Galicia.

Para superar esta eiva, e co obxectivo de aproveitar todo este esforzo e buscar sinerxías a través do fomento do traballo compartido, **organizaranse tres encontros de cooperación universitaria**, un por universidade, que culminará cun encontro conxunto das tres universidades galegas. Coa información obtida nestes encontros, completárase unha primeira versión do mapa de actores que se porá a disposición de todo o resto do sector.

A realización destas actividades complementárase coa relación cos Reitores e Vicerreitores das tres universidades, co obxectivo de que sexan estas as que definan a súa estratexia e definición de modelo en materia de cooperación, formación e investigación específica, así como da concreción organizativa e orzamentaria da súa estrutura administrativa.

En paralelo a esta estratexia **continuaranse financiando as accións** desenvoltas dende a Universidade de Santiago como o Máster de Cooperación Internacional (cun novo módulo de cooperación pesqueira), ou da Universidade da Coruña, como o Curso de Especialización ou as desenvoltas dende a Oficina de Cooperación e Voluntariado (convocatoria 0,7, Programas Coñecemento da Realidade ou cursos de formación).

Asemade, na liña co proposto polos tres grupos políticos que aprobaron por unanimidade o I Plan director de Cooperación Galega 2006-2009, fomentárase unha maior interacción entre a universidade e a empresa.

Unha das liñas de activación dende a DXCE é a potenciación entre a cooperación e o sector empresarial como ven de quedar patente na colaboración con Sogama por exemplo. Manterase o pulo nas sinerxías entre o sector privado e a cooperación; tendo como marco o horizonte das primeiras alianzas público – privadas impulsadas por AECID, e o desenvolvemento da Norma ISO 26000 sobre a responsabilidade social das empresas.

Aparte das medidas que veñen de mencionarse, destinadas ao fortalecemento de xeito individualizado de ONGD, da cooperación municipal ou da feita desde as universidades, a procura de espazos comúns de encontro e identificación de sinerxías entre actores contribúe ao fortalecemento do propio sector.

É por isto que, atopándonos no ecuador da execución do I Plan director de Cooperación Galega 2006-2009, no outono do 2008 celebrarase un encontro onde a totalidade de actores de Cooperación Galega estarán representados. Este foro de debate propónse como oportunidade para actualizar o coñecemento das causas da pobreza no mundo, analizar a orientación de Cooperación Galega para contribuír á súa superación, e de remate e posta en común das conclusións do proceso e informe de seguimento do Plan Director realizada ao longo do ano (cunha data de presentación non superior a xuño), que permita alimentarse de leccións aprendidas, de cara a unha futura planificación.

As conclusións derivadas do citado encontro e demais medidas que se poñan en marcha para acometer a avaliación intermedia do Plan director contribuírán á definición dos retos pendentes e á identificación daquelas correccións que deban ser introducidas para o período restante de vixencia do Plan director.

OE3. *Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara ao cumprimento de obxectivos*

Tal e como se desprende da Declaración de París sobre a eficacia da axuda, a avaliación é o mellor xeito de mellorar a dita axuda e de analizar o grao en que esta se orienta á consecución de resultados. A avaliación externa da axuda oficial galega permitirá contribuir á análise intermedia prescrita polo I Plan director de Cooperación Galega 2006-2009.

Neste exercicio sacarase a concurso a realización das **avaliacións dos proxectos** financiados no ano 2005 e no ano 2006 en **Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau**, países nos que a avaliación dos proxectos non puido ser posta en marcha en 2007 segundo o establecido no Plan Anual 2007.

Por outro lado, os **resultados das avaliacións** postas en marcha en 2007 e 2008 serán obxecto da correspondente difusión.

Dunha banda, os resultados da avaliación de cada un deses proxectos executados co apoio financeiro da Dirección Xeral de Cooperación Exterior comunicáranse de xeito individual a cada axente.

E pola outra, celebrarase un **encontro conxunto cos axentes** para expoñer os resultados acadados no ámbito xeral en función das prioridades xeográficas, sectoriais e transversais establecidas no Plan director. Asemade, os resultados coincidirán coa avaliación de medio termo do vixente Plan director.

A **formación** de cara á mellora da capacidade operativa e técnica dos actores de Cooperación Galega continúa a ser unha prioridade para este ano, no que, á vista dos satisfactorios resultados, así como a alta participación nos cursos celebrados no 2007, se lle dará continuidade ao proceso de formación levado a cabo no pasado exercicio.

O público obxectivo deste tipo de formación son o persoal que dentro dos axentes de cooperación (ONGD especialmente, pero tamén Universidades, Empresas ou Sindicatos), son responsables da planificación e a formulación de propostas de cooperación para o desenvolvemento.

Adaptada ás necesidades e ao nivel de coñecemento destas persoas, esta formación está destinada a dar a coñecer a metodoloxía de formulación, seguindo os criterios do marco lóxico, tanto de proxectos de cooperación ao desenvolvemento como de sensibilización, garantindo ademais a incorporación transversal da perspectiva de xénero. Para isto **celebraranse 8 cursos** nas materias anteriormente mencionadas que terán lugar nas cidades da Coruña, Vigo ou Santiago. A inscrición individual nos cursos estará subvencionada parcialmente pola DXCE.

Contarase con dous niveis na oferta formativa, para participantes cun coñecemento mínimo da formulación de proxectos de cooperación ou sensibilización e para participantes cun coñecemento demostrado xa en cada un destes eidos.

Noutra orde de cousas, resulta obrigado incluír neste plan anual o obxectivo parcialmente acometido no exercicio 2007 de **facilitar a incorporación do persoal funcionario e, por extensión, do restante persoal dependente da Xunta de Galicia**, aos proxectos e programas executados directamente pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, tal e como se establece no artigo 26 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.

A Lei Galega de Cooperación fala exclusivamente de cooperación directa da DXCE, polo que será esta a competente para levar a cabo o proceso de selección, e a Dirección Xeral de Función Pública, a encargada de declarar o cambio á situación administrativa de que se trate.

Co instrumento articulado –orde pola que se convocarán as prazas– dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior incentívase a implicación dos departamentos de orixe das persoas que, cumprindo os perfís, sexan seleccionadas. Ao ser a DXCE a encargada de financiar, con cargo ao proxecto, o salario e demais retribucións que correspondan¹, o departamento de orixe estará en disposición de substituír a persoa durante o tempo que permaneza no terreo, sen que se perturbe así a dinámica cotiá de traballo do propio departamento.

O número de prazas e os perfís concretaranse na propia orde de convocatoria, segundo as necesidades que se identifiquen e as solicitudes de apoio que nos sexan remitidas desde os propios países, pois, como xa se mencionou, trátase de intervencións de cooperación directa.

¹ Tal e como se establece no Estatuto do Cooperante e demais normativa de aplicación.

OE4. *Ampliación e ordenación dos instrumentos de Cooperación Galega*

No 2008 verán a luz dúas novas liñas de axudas destinadas ao financiamento de intervencións sobre o terreo dos actores de Cooperación Galega.

A primeira das liñas é aquela destinada á execución de **microproxectos** no exterior por ONGD, prevista no Plan anual 2007, pero non executada por motivos orzamentarios. Co obxectivo ineludible de loitar contra a pobreza e as desigualdades nos países do sur, trátase de permitirlles ás ONGD máis recentemente integradas no sector galego de cooperación executar proxectos de pequena envergadura e cun financiamento da Administración galega non superior aos 25.000 euros. Todo isto como un primeiro paso para incrementar a súa capacidade e experiencia na xestión de proxectos no exterior e de evitar a utilización de convenios específicos.

A segunda é a liña destinada á execución de **programas** no exterior de ONGD, que permitirá apoiar, en consonancia coas prioridades establecidas nos plans de actuación por país, procesos de transformación integrais, que incidan sobre as causas que frean o desenvolvemento nos países do sur. Trátase de actuacións dunha maior envergadura, cun apoio financeiro da Dirección Xeral de Cooperación Exterior superior do da liña de axudas a proxectos e por un maior período, en todo caso, ás dúas anualidades orzamentarias.

Asociada a esta liña de financiamento está o correspondente proceso de **cualificación** a través do cal quedará garantida a viabilidade, solvencia e capacidade da entidade para executar programas no exterior cofinanciados pola Xunta de Galicia. Na configuración desta convocatoria estase a traballar partindo da análise previa de procesos semellantes postos en marcha pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e outras comunidades autónomas. Como no resto de convocatorias, será sometida á correspondente consulta do CONGACODE.

En canto ó labor a desenvolver dende a **Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG)**, por unha banda se atopa a axuda que se preste en caso de **urxencia**, para o que se contará, sempre que sexa posible, coas ONGD con experiencia neste eido.

Pola outra, tal e como aprobou o padroado da FAHG na xuntanza do 29 de xaneiro de 2008, o traballo en materia de axuda humanitaria centrarase en dous eixes moi relacionados coa vulnerabilidade das persoas:

A loita contra o VIH/SIDA e a auga potable como primeira necesidade en África (Sáhara e Mozambique). En América Central e no Caribe as actuacións concentraranse na prevención de riscos e a rehabilitación.

Para a execución destas accións, a FAHG asinará convenios coas entidades que corresponda:

- Nos Territorios Saharauís colaborarase coa Asociación Galega co Pobo Saharauí;
- En Mozambique apoiarase o traballo que se está a realizar no Hospital do Carmelo, na loita contra a incidencia do VIH-SIDA, así como accións para o acceso á auga potable e ao saneamento nas poboacións máis vulnerables da provincia de Cabo Delgado.
- En Guatemala, no marco do Programa de intervención de desenvolvemento integral Retalhuleu - Champerico, financiarase un proxecto para a xestión de riscos e a prevención de desastres;
- En Cuba, apoiarase á municipalidade da Habana de cara á mitigación dos efectos da tempada ciclónica
- Na República Dominicana, apoiarase ao goberno dominicano na rehabilitación das estruturas danadas tralo paso da tormenta Noel polo municipio de Azúa de Compostela.

Ao mesmo tempo, dente a FAHG, financiarase a realización dun curso de verán en colaboración coa Universidade da Coruña, en materia de axuda humanitaria e auga potable, que contara coa participación de expertos de recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional.

O inicio do exercicio 2008, o aporte da dirección xeral de Cooperación Exterior a FAGH ascende a 610.000 €, o que supón unha porcentaxe do 5,7% dos orzamentos deste departamento destinados a Axuda Humanitaria e de Emerxencia, máis preto do 8% establecido no Plan Director.

OE5. *Implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación*

Como xa se anunciaba no Plan 2007, o cumprimento específico deste obxectivo está asociado á utilización de mecanismos de cooperación directa, especialmente naqueles sectores e espazos prioritarios fixados no Plan director nos que outros axentes galegos non están actualmente a traballar.

A implicación de sectores galegos con experiencias de valor para a cooperación non pode realizarse de xeito óptimo sen asegurar o impacto nas accións de loita contra a pobreza, mediante a realización de proxectos integrais nos que se garanta a implicación efectiva do máximo número posible de persoas, axentes de cooperación e institucións públicas, tanto en Galicia como nos países receptores da nosa cooperación.

A experiencia do 2007 permitiu constatar que esta é a mellor maneira para implicar de xeito efectivo non só os axentes da cooperación galega, senón o persoal e as entidades de sectores galegos aparentemente afastados da cooperación, pero que poden e xa están ofrecendo o seu coñecemento e experiencia en labores de solidariedade internacional.

Con estes procesos achegámonos ao cumprimento de varios dos criterios do Plan director: responsabilidade compartida, coordinación, complementariedade e integración de actores, coherencia cos obxectivos do desenvolvemento, etcétera. Ditos procesos permiten facer copartícipes e corresponsables no desenvolvemento dos proxectos ás institucións locais, rexionais ou estatais dos países cos que se traballa, o que é fundamental para garantir a sustentabilidade e a apropiación dos proxectos.

A cooperación directa amósase como un instrumento útil e necesario na transferencia de tecnoloxías e coñecementos, a través da formación de persoal, da expatriación de profesionais cualificados ou na conversión dun bo proxecto nun programa a medio – longo prazo.

Como ben intuía o Parlamento de Galicia nas súas achegas ao plan, a listaxe de sectores galegos indicada no obxectivo 5 non está pechada, senón aberta á incorporación doutros sectores galegos con capacidade para lle engadir valor a Cooperación Galega.

Esa riqueza e potencial de moitos sectores galegos sorprende gratamente e obriga a realizar un exercicio de establecemento de prioridades desde a Dirección Xeral de Cooperación e de diálogo con outros departamentos da Xunta de Galicia.

Deste xeito, continuarase **a colaboración con entidades de todo tipo** (empresas, consultoras, departamentos de universidade, asociacións profesionais, organizacións sociais) nos eidos do desenvolvemento rural, pesca, medio, desenvolvemento tecnolóxico ou codesenvolvemento. Asemade, tratarase de implicar entidades de sectores como os da auga potable, enerxías alternativas, desenvolvemento do sector lácteo ou do forestal e da industria da madeira.

Paralelamente, implicarase en diversas accións conxuntas ou mediante a achega de persoal técnico da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou das consellerías de Traballo, Sanidade, Educación e Ordenación Universitaria ou Innovación e Industria. Estas consellerías xa están participando no 2007 en diversas accións, incluíndo o seu asesoramento nas accións desenvolvidas desde a Dirección Xeral.

E así continuará no 2008, cun enfoque netamente operativo e práctico que optimice o tempo e os recursos dedicados, asegure o impacto dos proxectos relacionados e avance na coherencia de políticas que se atopa no horizonte do noso Plan director, e de calquera estratexia que procure un maior equilibrio nas vixentes relacións internacionais, sexan económicas, xurídicas ou políticas en xeral.

OE6. *Fomento do comercio xusto e o consumo responsable*

A través da sensibilización da sociedade galega, e poñendo en valor a calidade dos produtos de comercio xusto, sempre baixo a premisa de mellorar as condicións de vida das traballadoras e traballadores do sur, no 2008 darase continuidade ao traballo iniciado coa **Diagnose estratéxica e participativa do comercio xusto en Galicia**.

En concreto, no referido ás accións incluídas no dito documento, propónse, en primeiro lugar, a creación dunha **comisión de traballo** na que estean representados todos aqueles actores que, dalgún xeito, están ou poderían estar relacionados coa implantación do comercio xusto en Galicia (diferentes departamentos da Administración e institucións públicas, ONGD, tendas privadas, empresas, entidades bancarias...). Esta comisión traballará partindo dun enfoque operativo onde se poña en valor a elevada calidade dos produtos de comercio xusto e a extensión destes no mercado a través, sobre todo, do apoio á iniciativa privada.

En segundo lugar, no día do Comercio Xusto (maio 2008) celebraranse unhas **xornadas** destinadas á analizar as iniciativas tendentes á consecución efectiva da promoción do sector e centradas na superación das eivas identificadas na propia diagnose, como son a pouca madurez do sector e a escasa orientación ao mercado.

En terceiro lugar, a diagnose inclúe un **mapa de actores** onde outros departamentos da Xunta, como a Consellería de Industria, de Desenvolvemento Rural, a Consellería de Economía - Igape, e outros entes como BIC Galicia, se erixen como fundamentais na implantación do comercio xusto en Galicia. Dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior buscarase a implicación de todos estes na procura da promoción do sector.

No relativo ao fomento do comercio xusto e o consumo responsable, así como á implantación de criterios de compra ética pública na Administración pública galega, continuarase a facer incidencia neste senso, fundamentalmente a través da Comisión Interdepartamental e a Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento onde a Administración autonómica e municipal están representadas.

OE7. *Elaborar estratexias para as prioridades da Cooperación Galega*

No 2006, o 88% dos recursos da cooperación dedicáronse aos **17 países prioritarios**. No 2007, esta porcentaxe reduciuse ata o 81,4%. No 2008 preténdese avanzar nesta liña acercándose ao máximo do 70% establecido no Plan Director.

No 2008, preténdese acadar xa o obxectivo do Plan Director de dedicar un **20% dos fondos de cooperación a países PMA**.

O financiamento das primeiras accións en **Angola**, asegurará tamén este obxectivo e a presenza dun bolseiro na oficina da FAO en Luanda, permitirá a identificación de accións e estratexia sostible a medio prazo.

Tralo desenvolvemento no 2007 en 9 países prioritarios, en 2008 serán desenvolvidos os **Plans de Actuación de Ecuador e Senegal**, aproveitando a presenza de novos bolseiros en UNIFEM e na AECID.

Así mesmo, pola peculiaridade derivada da preferencia en países como **Arxentina e Uruguai**, tamén se desenvolverán os mencionados PAP ao longo deste exercicio, tendo en conta o recoñecemento da Lei 3/2003 das comunidades galegas no exterior como axentes susceptibles de desenvolver cooperación, así como os principios de universalidade establecidos na mesma Lei de cooperación para o desenvolvemento.

3. MEDIOS DE ACTUACIÓN

No seguinte gráfico indícase o total e a composición dos orzamentos de AOD da Xunta de Galicia para o 2008²

DXCE	ACTUACIONES	07 Anualidade 2008	Anualidade 2008	TOTAL 2008
Proxectos no Exterior	Convocatoria ONGD	1.199.555	2.250.000	3.449.555
	Convocatoria Programas		1.000.000	1.000.000
	Convocatoria Microproxectos		200.000	200.000
	Convocatoria Outros Axentes	353.655	780.000	1.133.655
	Programas e proxectos cooperación Directa	1.156.510	1.400.000	2.556.510
	Axencia Humanitaria de Galicia		610.000	610.000
Sensibilización	Convocatoria Sensibilización	135.502	252.000	387.502
	Actuacións Sensibilización		177.400	177.400
Fortalecemento	Convocatoria Fortalecemento	105.145	180.000	285.145
	Actuacións Fortalecemento		89.100	89.100
Formación	Cursos e encontros		201.964	201.964
	Bolsas		184.140	184.140
Outros			386.098	386.098
	TOTAL DXCE	2.950.367	7.710.702	10.661.069
Outros Departamentos				-
	Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos		1.000.000	1.000.000
	Consellería de Vivenda e Solo		350.000	350.000
	Consellería Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible		39.000	39.000
	Consellería do Medio Rural (AGADER)		30.000	30.000
	Vicepresidencia Igualdade e Benestar (D.X.Xuventude)		5.000	5.000
	TOTAL Outros Departamentos	-	1.424.000	1.424.000
	TOTAL XUNTA DE GALICIA	2.950.367	9.134.702	12.085.069

Como se indica no cadro anterior, nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia aprobados para o 2008, a dotación destinada para cooperación para o desenvolvemento ascende a 12.085.069 euros, importe que representa un 28,9% de incremento sobre o de 2007.

O orzamento da Dirección Xeral de Cooperación Exterior supón 10.661.069 euros, o 88% do total da AOD do conxunto de Galicia, o que representa un incremento do 13,7% sobre o de 2007.

² Esta relación é estimativa, dependendo a súa composición definitiva da aprobación ou non dos proxectos presentados nas distintas convocatorias ou do orzamento concreto de cada unha das accións ou convenios de cooperación, sensibilización ou fortalecemento previstas.

Os importes considerados AOD orzados polos departamentos da Xunta de Galicia indicados supoñen un conxunto de 1.424.000 euros. Durante 2008 continuarase traballando cos departamentos implicados na procura dun maior apoio, transparencia e difusión das actuacións de AOD, do mesmo xeito que se potenciará a actuación co resto de departamentos e organismos cos que xa se está a manter relación para que no futuro se impliquen en accións de cooperación, ben de xeito orzamentario ou en como apoio técnico: Consellería de Educación, Consellería de Sanidade - Sergas, Consellería de Presidencia, Dirección Xeral I+D+i, IGAPE, SOGAMA, Cis Madeira, etcétera.

A distribución prevista dos orzamentos de cooperación farase do seguinte xeito:

- Un 53,5% (60,6% dos fondos da DXCE) destinarase ás convocatorias públicas de axudas dirixidas a proxectos de cooperación no exterior, de sensibilización e educación, de consolidación e fortalecemento de ONGD, microproxectos e programas.
- Un 41,7% (33,9% dos fondos da DXCE) destinarase ao cofinanciamento de proxectos de cooperación, formación e sensibilización, a través da subscripción de convenios con axentes (principalmente institucións) galegos e do exterior, proxectos conxuntos coa AECID ou con institucións multilaterais.
- Un 4,9% destinarase a outras actividades de Cooperación Galega, tanto no eido da sensibilización e formación como a distintas fases do ciclo do proxecto: campañas de comunicación, publicacións, identificacións, xestión, seguimento e avaliacións de proxectos ou programas.

CONVOCATORIAS

En todas as convocatorias se tiveron en conta as propostas dos axentes de cooperación implicados, mantendo a participación homoxénea dos distintos axentes de Cooperación Galega, e tendo especialmente en conta as ONGD, así como a importancia crecente que outros axentes de cooperación galegos, especialmente universidades e empresas, están a ter na formulación e seguimento de proxectos desde a nosa comunidade.

As convocatorias 2008 recollen os cambios reclamados polo sector que permite a nova Lei de subvencións, e que diminúen os trámites burocráticos, facendo unha maior incidencia no seguimento e garantía de impacto das accións financiadas.

► Convocatoria para a execución de **proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior realizados por ONGD:**

- Dotación: 3.750.000 euros (aumenta un 0,8%)
- Fináncianse ata 175.000 euros por proxecto, 350.000 euros en agrupación.

► Convocatoria para a execución de **proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior realizados por outros axentes:**

- Dotación: 1.300.000 euros (diminúe un 18,7%)
- Fináncianse ata 150.000 euros por entidade, 250.000 en agrupación.

En ambas as liñas se introduciron, entre outras, as seguintes novidades:

- Adaptación completa AECID + UE no criterio de gastos ou conceptos con posibilidade de obter financiamento, formulario/guía, marco lóxico.
- Poden agruparse con calquera outro axente de cooperación.

- Valóranse as estratexias de continuidade de proxectos integrais a medio/longo prazo e a implicación actores e institucións públicas.
- Valórase a estratexia de comunicación e difusión dos proxectos en Galicia.

► Convocatoria para **actividades formativas e de sensibilización** en materia de cooperación para o desenvolvemento:

- Dotación: 420.000 euros (aumenta un 5%)
- Fináncianse ata 25.000 euros por proxecto, 50.000 euros en consorcio (20.000 e 40.000 no 2007).
- Inclúese un novo criterio de valoración: a difusión do contido daqueles proxectos de cooperación executados que estean en execución na actualidade ou que se executasen nos últimos anos con axudas da Xunta de Galicia.

► Convocatoria para a **consolidación e o fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento**:

- Dotación: 300.000 euros (non varía sobre o ano anterior)
- Mantense o financiamento ata 18.000 euros no caso de entidades con delegación en Galicia e ata 25.000 euros no caso de entidades con enderezo social galego, e prémase tamén este tipo de entidades en canto ao financiamento de actividades de fortalecemento en áreas como a cooperación, comercio xusto ou captación de fondos.
- Establécese por vez primeira a limitación de non recibir en máis de cinco ocasións axudas con cargo desta convocatoria.

► Convocatoria para a realización de **microproxectos por ONGD**:

- Dotación: 200.000 euros.
- Fináncianse ata 25.000 euros por proxecto.
- Fináncianse ONGD que non recibiran fondos doutras convocatorias.
- Prímase as actuacións en PMA.

► Convocatoria de subvencións para a realización de **programas de cooperación por ONGD:**

- Dotación estimada: 3.000.000 euros (1.000.000 no 2008)
- Vinculada ao procedemento de cualificación de entidades.
- Fináncianse con cargo a 3 ou 4 exercicios.

COOPERACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DIRECTA

Para levar a iniciativa aos sectores e espazos prioritarios nos que outros axentes galegos non traballan polo momento, asegurando un maior impacto nas accións de loita contra a pobreza mediante a realización de proxectos integrais, a cooperación directa confórmase como unha ferramenta idónea.

Asemade, os PAP garanten o papel activo do Goberno galego na concentración e integración da axuda, buscando o fortalecemento das institucións e das sociedades civís dos países do sur e o traballo conxunto con outras axencias de cooperación.

A realización destes programas permite tamén optimizar o volume de custos indirectos, persoal expatriado ou en sede, desprazamentos ou avaliacións e auditorías. Aumentando notablemente os fondos que inciden de xeito directo na mellora da calidade de vida das poboacións beneficiarias.

Sen pretender establecer ningún tipo de ratio de eficiencia nin descualificar as actuacións de ningún axente, senón co ánimo da continua vontade de mellora e de **autocrítica** que debe presidir as accións dos distintos actores da Cooperación, especialmente da Xunta de Galicia, nos proxectos de cooperación directa realizados durante o 2007, o volume medio destes gastos non superou o 8% do total subvencionado, non obstante, nos proxectos financiados a través de convocatorias oscilan entre o 20 e o 23% (como así se facilitou na presentación das convocatorias 2008).

Inclúense neste apartado o financiamento de 14 bolsas de formación tanto na Dirección Xeral de Cooperación (4), nas OTC da AECID (7) ou en axencias de Nacións Unidas como FAO ou UNIFEM (3).

Esta sección abrangue, así mesmo, todas aquelas accións de fortalecemento ou sensibilización executadas a través dos representantes dos distintos axentes galegos de cooperación como a Coordinadora Galega de ONGD ou o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, ou directamente as universidades galegas, a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia ou as comunidades galegas no exterior.

O orzamento que se prevé destinar a este apartado é de 5.041.150 euros, dos que 3.617.150 serán xestionados desde a DXCE e o resto por outros departamentos da Xunta de Galicia.

ACCIÓNS E PROGRAMAS DIRECCION XERAL COOPERACION EXTERIOR

As principais **accións xa iniciadas pola DXCE**, que continuarán no 2008, serán as seguintes:

- América Central: Programa de formación da pesca artesanal (PROFOPAC), a través de OSPESCA e os gobernos de Nicaragua, Honduras, O Salvador, Nicaragua, Costa Rica, Panamá e Belice. Finánciase conxuntamente coa AECID e conta coa xestión e apoio técnico do Centro Tecnolóxico do Mar e a Consellería de Pesca.
- Uruguai: fortalecemento da rede latinoamericana de capacitación leiteira. Avanzarase na extensión do programa a Colombia e Costa Rica. Realízase conxuntamente coa Aula de Produtos Lácteos.
- Perú: investigación ecolóxica do *Vibrio* e as súas implicacións epidemiolóxicas. Realizado co Instituto de Acuicultura da USC.
- Senegal: Programa de protección da infancia e loita contra a violencia e a explotación infantil na rexión da Casamance. Realizado con UNICEF.
- Arxentina: creación e posta en marcha do Instituto para o Desenvolvemento e a Innovación Educativa. Realizado coa Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI).
- Cuba: participación comunitaria para a mellora de infraestruturas e protección do medio na comunidade Antonio Maceo de Santiago de Cuba.
- Colombia: transferencia tecnolóxica para o cultivo do *Mero guassa* e moluscos bivalvos como estratexia prospectiva para a seguridade alimentaria. Realizado co Instituto de Acuicultura da USC.
- Ecuador: Programa de apoio ao abasto, equipamento e tratamento da produción de cacao en Manabí. Xunto co Goberno provincial de Manabí e a AECID.
- Cuba: mellora das condicións de habitabilidade a vivendas no centro histórico de Santiago de Cuba. Xunto ao Fondo Galego de Cooperación

- Cabo Verde: mellora das condicións do abastecemento de auga na cidade de Praia e reforzo das mulleres caboverdianas nas listas para as eleccións municipais.
- Perú: desenvolvemento rural na conca do Chipillico. Realizado xunto ao FONCHIP e a AECID.
- Ecuador: programa desenvolvemento do territorio do Chan Chan. Baixo a coordinación da Consellería de Medio Rural e AGADER.

No 2008 rematará a identificación ou comezará a execución dos **programas integrais de cooperación** identificados durante o 2007:

GUATEMALA: Programa de Desenvolvemento Integral Oxlajuj Tz'ikin Champerico_Retalhuleu. Realizado coas municipalidades de Retalhuleu e Champerico, o programa conta cun orzamento inicial estimado, que se concretará durante o proceso de formulación dos distintos subprogramas e proxectos anuais, de 5.720.000 euros para as 4 anualidades de vixencia do mesmo. Realizarase segundo tres liñas estratéxicas ou compoñentes, centradas nos seguintes sectores de actuación:

- Saúde e Educación
- Economía e Produción
- Habitabilidade Básica

E en tres liñas ou compoñentes transversais:

- Fortalecemento institucional
- Fortalecemento comunitario
- Xestión de riscos

Ademais traballárase en 3 enfoques que se transversalizarán en todo os compoñentes:

- Enfoque de Xénero
- Enfoque Medio Ambiental
- Enfoque de Dereitos Humanos con énfase en Pertinencia cultural.

Para o desenvolvemento de cada compoñente contase coa participación das seguintes entidades, que se confirmará coa sinatura dun acordo marco de colaboración e da posterior formulación dos subprogramas e proxectos correspondentes:

- Saúde e Educación: Farmacéuticos Mundi (FM), Educación Sen Fronteiras (ESF), Asociación Servizos Comunitarios de Saúde ASECSA, Proxecto de Desenvolvemento Santiago PRODESSA.
- Economía e Produción: ACSUR, Asociación para a promoción e o desenvolvemento da comunidade "CEIBA", A.M.O.N.
- Habitabilidade Básica (vivenda e servizos: auga, saneamento e enerxía): Arquitectos Sen Fronteiras (ASF), Solidariedade Internacional (SI), Asociación Pro Auga do Pobo (ADP).
- Fortalecemento institucional: Fundación INCIDE.
- Fortalecemento comunitario e Enfoque de Xénero: Coordinadora Nacional Indíxena e Campesiña (CONIC).
- Xestión do risco e prevención de desastres: ACSUR, CPDL (Colectivo Poder e Desenvolvemento Local)

REPUBLICA DOMINICANA: **Rehabilitación e desenvolvemento no vertedoiro de Santiago de los Caballeros**. Realizado coa municipalidade e con actores de desenvolvemento dominicanos. O programa conta cun orzamento inicial estimado, que se concretará durante o proceso de formulación dos distintos subprogramas e proxectos anuais, de 1.500.000 euros para as 3 anualidades de vixencia do mesmo.

Realizarase segundo os seguintes sectores e actores de actuación: fortalecemento da sociedade civil (Fundación Solidaridad), saneamento básico (Asemblea Cooperación pola Paz) saúde primaria e preventiva, educación técnica e profesional e desenvolvemento produtivo (Cámara de Comercio).

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) participa en paralelo no apartado técnico xunto á Municipalidade de Santiago de los Caballeros, cun orzamento específico que se tentará financiar con fondos de institucións europeas e multilaterais.

SENEGAL: Completarase a identificación, formulación e orzamento comezada no 2007 pola Fundación Galicia Innova, dun Programa de desenvolvemento integral co goberno municipal de Saint Louis. Centrado na área da saúde, realizaranse tamén accións de capacitación técnica e saneamento básico.

PERU: Completarase a identificación, formulación e orzamento comezada en 2007 por persoal propio, dun Programa de desenvolvemento integral en Chiriaco, incluíndo accións nos eidos de fortalecemento institucional, educación e saúde básicas, desenvolvemento produtivo e fortalecemento da sociedade civil (especialmente no eido da violencia de xénero).

MOZAMBIQUE: Completarase a identificación, formulación e orzamento dun Programa fortalecemento institucional, capacitación e investimento na infraestrutura e xestión de auga na provincia de Cabo Delgado. Será realizado xunto a Axencia Humanitaria de Galicia, a consultora Adantia e a asistencia de persoal experto da Universidade da Coruña.

Iniciaranse tamén a identificación de futuros programas en:

- Haití (fortalecemento institucional en materia de pesca artesanal, coa implicación da FAO) que realizará a empresa pública Tragsa.
- Honduras (fortalecemento xustiza en materia de violencia de xénero).

- Arxentina (transferencia de tecnoloxía e coñecemento), así como noutras áreas que sexan identificadas pola técnico de cooperación expatriada no país, asegurando ao tempo a formación en cooperación para o desenvolvemento e implicación das comunidades galegas en Arxentina e Uruguai.

Asemade, en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, estanse a dar os primeiros pasos para o deseño dun primeiro **proxecto piloto en materia de codesenvolvemento**, concretamente coas comunidades senegalesas afincadas en Galicia.

Continuará a colaboración tanto coa **AECID** como con outras axencias de cooperación, aínda que non se renovará o Plan operativo, senón que se seguirán a cofinanciar accións en sectores como pesca, medio ambiente, xénero ou desenvolvemento forestal, sempre co enfoque transversal de xénero e de fortalecemento de institucións públicas dos países receptores.

Como xa foi mencionado previamente, continuará a estratexia xa iniciada no exercicio 2006, da implicación coa AECID xa non só financeira senón, sobre todo, na formulación e execución conxunta dos proxectos, asegurando a implicación de galegos e galegas con coñecemento experto e liderando tamén iniciativas de cooperación conxunta.

Durante o ano 2007, mantivéronse contactos coas institucións responsables da cooperación **doutras comunidades autónomas**, principalmente a través da Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento Estatal e, en particular, coa Junta de Andalucía, a Generalitat de Catalunya ou o Goberno de Asturias. No 2008 estreitaranse estes vínculos co obxectivo de levar a cabo posibles iniciativas conxuntas. Asemade, fortalecerase a relación coa cooperación oficial portuguesa para identificar futuras colaboracións, especialmente en países lusófonos, máis concretamente en Mozambique e Angola.

No traballo con **institucións multilaterais**, Como é sabido, nin a Lei de Cooperación nin o Plan Director contemplan a cooperación multilateral como vía para a canalización da axuda galega. Sen embargo, no 2007 se fixeron xa actuacións neste ámbito.

A estratexia seguida consistirá en continuar o mantemento de contactos iniciais coas mesmas, procurando a implicación de bolseiros ou bolseiras como unha primeira acción, ou co financiamento conxunto de proxectos de cooperación, co requisito imprescindible de **asegurar a austeridade** nos gastos administrativos e de implicarse finalmente en programas de cooperación conxuntos.

Deste xeito, aproveitarase a presenza de bolseiras e bolseiros nas delegacións de terreo de **FAO** para identificar proxectos en Angola e Mauritania, países nos que os axentes galegos practicamente non están presentes. En paralelo se implicará as oficinas de terreo desta institución na identificación prevista en programas en Haití ou Mozambique para un posterior financiamento conxunto.

Do mesmo xeito, a presenza dunha bolseira na sede de **UNIFEM** en Quito, permitirá identificar a estratexia da cooperación galega en Ecuador e implicar a este organismo en futuras accións conxuntas de cooperación.

Con esta mesma estratexia, en 2008 realizaranse contactos co **PNUD**, aproveitando a experiencia positiva xa desenvolvida polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Tal e como se mencionou anteriormente, a colaboración coa OEI ou UNICEF manterase, e proxectarase a posibilidade de colaborar co Fondo Global da SIDA, Malaria e Tuberculose. Nestas colaboracións a cooperación oficial galega non será unicamente financeira, senón que buscará a súa implicación práctica e, se é o caso, a dos axentes galegos, na xestión dos proxectos.

A ampliación destes contactos permitirá no futuro elaborar unha estratexia definida de actuación en cada caso coa súa correspondente asignación orzamentaria.

ACCIONS E PROGRAMAS OUTROS DEPARTAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE PESCA E ASUNTOS MARITIMOS

O aporte do 2008 para Cooperación Internacional dende esta Consellería, ascende a 2.000.000 de euros. Este aporte reflicte o esforzo e experiencia da mesma no fomento da formación, transferencia de coñecementos e tecnoloxía e o apoio institucional e a poboacións de pescadores artesanais en diversos países.

Tras unha revisión das accións financiadas, algunhas compartidas coa Dirección Xeral de Cooperación Exterior, e cuxo detalle a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos presentará en breve, seguindo un criterio de prudencia, considérase inicialmente como AOD o 50% do seu aporte.

CONSELLERIA DE VIVENDA E SOLO

Esta Consellería continuará os programas de cooperación iniciados no 2007, especialmente a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

No 2008 está previsto o investimento de 350.000 euros nos seguintes proxectos:

- URUGUAI. Convenio plurianual de autoconstrución de 64 vivendas en Montevideo, para realoxo de dos asentamentos chabolistas de La Vereda-Pasos de las Duranas
- NICARAGUA. Programa de erradicación do mal de Chagas en Totogalpa, mellorando as condicións de salubridade das vivendas e do entorno para sanear as augas das que se abastecen.

CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

GUATEMALA. Repotenciación da planta hidroeléctrica El Porvenir. Cunha aportación de 39.000 euros.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL (AGADER)

ECUADOR. Seguimento e asesoría do proxecto de desenvolvemento rural realizado pola Corporación para el Desarrollo del Territorio del Chachán (CODECH), en colaboración coa DXCE. O aporte estimado será de 30.000 euros.

VICEPRESIDENCIA IGUALDADE E BENESTAR (D. X. XUVENTUDE)

Apoio ao programa “Juventud en el Mundo”, coa implicación da Unión Europea. Implica unha colaboración de 5.000 euros.